

Carta de despedida

Queridas familias e queridos alumnos:

Polo mes de Agosto do ano pasado, esperaba con moita alegría o destino de meu ano como funcionario en prácticas, pois acababa de aprobar as oposicións despois de 13 anos traballando polas 4 provincias galegas en máis de 30 colexios como mestre substituto e interino (entre eles o Xesús Golmar). O resultado foi o que todos sabemos destinado para Lalín como mestre de ED. Musical en Infantil.

Recoñezo que pola distancia do meu lar ó centro me gustaba, pero por impartir en Infantil me quedei un pouco chafado (eu son mestre en Ed .Primaria, non son especialista en Infantil).

A partires de aquí todo foron cousas boas as que me atopei:

-Por unha banda o grupo de compañeiros a nivel centro, que me acolleron magnificamente dende o primeiro momento.

-Por outra banda as compañeiras de Infantil que me brindaron dende o principio a súa experiencia na etapa (que eu non teño) sempre afables e voluntarias a botarme unha man en todo o que requirín.

-O equipo directivo que facilitou o meu traballo e sempre que precisei información a tiveron de primeira man.

-Ó persoal non docente incluíndo a Antonio o conserxe , equipo de cociña, equipo de limpeza... sempre profesionais e traballadores.

-Pero sobre todo o mellor que me pasou foi atoparme cun grupo de preto de 200 alumnos de E.Infantil que foron quen máis me axudaron a entender e comprender esta etapa e aprender deles moitas cousas .

Voume coa sensación de non ter rematado o curso e con gañas de volver a ver a cada un dos meus amigos , espero que pronto e en situación normais poda acudir a saudaros e a darvos o máis forte dos abrazos, que queda pendente.

Ó rematar esta etapa quedades en boas mans no eido musical, pois Alejandro Piñeiro ben coñecido na contorna, pedagóxicamente falando, será o voso referente e vos guiará polo mellor camiño deste arte.

Sen máis darvos as gracias a toda a Comunidade Educativa e para os peques deixo este correo electrónico por se me queredes mandar algunha foto das tarefas que vos propuxen, ou se simplemente queredes saudar ó voso amigo que naquel extraño curso vos intentou inculcar o amor á Música.

Sen máis recibide un forte abrazo musical.

MANUEL. ANGEL.FAFIAN.LEMOS.

manufafi@hotmail.com